



Os motores de Patelo

Enviado por Anónimo o Mér, 10/31/2018 - 12:10

[Curso 18_19](#) ^[1]

O pasado 11 de outubro, o alumnado de 6º, tivemos o pracer de desfrutar dunha actividade preciosa que nos preparou o avó dun alumno xunto cun amigo seu. Ofrecéronse a facer algo para completar a materia de Robótica. E ese "algo" resultou ser unha experiencia única, moi interesante, diferente e entrañable tamén. Neste, que quere ser un resumo da actividade, quero plasmar todo o agradecemento e fascinación que sentimos, en nome de alumnas, alumnos e no noso tamén.

Adoitan facer este tipo de presentacións a alumnado maior, incluso universitarios. Tamén as fan para representantes de 70 países que se reúnen de forma periódica en Vigo. Polo tanto a súa dúbida era se o noso alumnado estaría interesado, dúbida típica de quen sendo un xenio engrandece aínda máis coa modestia que amosa. Suxeríronnos que viramos algún vídeo no canal de Youtube Motores Patelo e por suposto pareceunos algo moi especial. Entre eles hai un da súa participación no programa "El Hormiguero 3.0".

Imaxínade o entrañable que poden resultar dous personaxes que viviron con paixón a súa profesión, que aínda seguen a sentir esa mesma paixón xa xubilados, ata o punto de querer transmitila ás novas xeracións e de facelo de forma maxistral.

As rapazas e rapaces non perdían ollo do que vían, nin palabra do que oían. Para eles todo aquilo que lles trouxeron estes dous amigos eran tesouros. Para nós tamén. Imaxínade a estampa de dous poñentes que trasladan todos os seus recursos nun carro (con coidado máximo), para despregalos con mimo ante nos e deleitarnos ademais con vídeos e relatos épicos das súas experiencias. Imaxínade tamén que veñen acompañados dun "chofer" (avó tamén deste alumno). E sen ver nada máis, non vos parece unha experiencia realmente especial?

Creo que o título da peza que elixín como fondo musical resúmeo moi ben: "Whisper of a Thrill", "O murmurio dunha emoción".

Agora déixovos tamén unha modesta reportaxe gráfica para que poidades asomar un pouquiño ao que nós vivimos.

The media could not be loaded, either because the server or network failed or because the format is not supported.

X



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/351>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/59>